



SOCIEDADE GALEGA DE HISTORIA NATURAL

1973-1998 25 anos estudiando, divulgando e defendendo o medio natural galego

Apartado 330
15780 Santiago de Compostela
Teléfono: (981) 58 44 26 (24 h)

Sr. Conselleiro
Consellería de Ordenación do Territorio
e Obras Públicas
Xunta de Galicia
Santiago de Compostela

Como vostede posiblemente xa coñecerá, o vindeiro día 21 de Marzo celébrase o Día Mundial da Árbore. A conservación do patrimonio arbóreo de Galicia atópase ameazada no medio natural (incendios forestais, talas abusivas, concentracións parcelarias,...), pero tamén no medio máis humanizado (pobos, vilas e estradas) por talas e podas excesivas. O feito que neste último caso sexan as Administracións públicas (concellos, COTOP) as responsables dos arboricidios constitúe un exemplo nefasto para os cidadáns que, a xuício da Sociedade Galega de Historia Natural, é preciso corrixir de inmediato.

Con tal motivo a S.G.H.N. remítelle a vostede as consideracións sobre o desmoche das árbores expostas polo especialista Kenneth Allen no seu libro sobre a poda de árbores ornamentais publicado polo Real Xardín Botánico do Consello Superior de Investigacións Científicas.

Pregámoslle que faga chegar esta información ós Delegados Provinciais da COTOP, e ós técnicos encargados da conservación das estradas e das árbores que as bordean, para erradicar a falta de sensibilidade, e mesmo o desprecio, polo arborado entre o personal da Consellería que vostede preside e evitar, deste xeito, un pésimo exemplo para tódolos galegos.

Aproveitamos a oportunidade para informarlle que:

1. Non hai ningunha razón técnica, biolóxica nin ecolóxica que xustifique os desmoches ou as podas brutais das árbores que, salvo casos extremos, non son aceptables en ningunha situación.
2. Para guiar as polas non se precisa cortar completamente a copa das árbores, pois existen métodos suficientes para axeitar o crecemento das árbores (aclaramento, acortamento de polas, eliminación selectiva de polas, etc.).
3. Aínda no caso de especies moi resistentes, como os plátanos *Platanus hybrida*, ó redor do 5% das árbores morren inmediatamente, ou a curto prazo, despois dos desmoches.

En Santiago a 18 de Marzo de 1997

O Secretario,

Visto e prace o Presidente,



SOCIEDADE GALEGA DE HISTORIA NATURAL

1973-1998 25 anos estudiando, divulgando e defendendo o medio natural galego

Apartado 330

15780 Santiago de Compostela

Teléfono: (981) 58 44 26 (24 h)

Sr. Presidente

Federación Galega de Municipios e Provincias

Rúa Santiago de Chile, 28

15706 Santiago de Compostela

Como vostede posiblemente xa coñecerá, o vindeiro día 21 de Marzo celébrase o Día Mundial da Árbore. A conservación do patrimonio arbóreo de Galicia atópase ameazada no medio natural (incendios forestais, talas abusivas, concentracións parcelarias,...), pero tamén no medio máis humanizado (pobos, vilas e estradas) por talas e podas excesivas. O feito que neste último caso sexan as Administracións públicas (concellos, COTOP) as responsables dos arboricidios constitúe un exemplo nefasto para os cidadáns que, a xuício da Sociedade Galega de Historia Natural, é preciso corrixir de inmediato.

Con tal motivo a S.G.H.N. remítelle a vostede as consideracións sobre o desmoche das árbores expostas polo especialista Kenneth Allen no seu libro sobre a poda de árbores ornamentais publicado polo Real Xardín Botánico do Consello Superior de Investigacións Científicas.

Pregámoslle que faga chegar esta información ós concellos galegos federados na FEGAMP que vostede preside, para erradicar a falta de sensibilidade, e mesmo o desprezo, polo arborado entre o personal dos concellos e evitar, deste xeito, un pésimo exemplo para tódolos galegos.

Aproveitamos a oportunidade para informarlle que:

1. Non hai ningunha razón técnica, biolóxica nin ecolóxica que xustifique os desmoches ou as podas brutais das árbores que, salvo casos extremos, non son aceptables en ningunha situación.
2. Para guiar as polas non se precisa cortar completamente a copa das árbores, pois existen métodos suficientes para axeitar o crecemento das árbores (aclaramento, acortamento de polas, eliminación selectiva de polas, etc.).
3. Aínda no caso de especies moi resistentes, como os plátanos *Platanus hybrida*, ó redor do 5% das árbores morren inmediatamente, ou a curto prazo, despois dos desmoches.

En Santiago a 18 de Marzo de 1997

O Secretario,

Visto e prace o Presidente,